

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos, así como os exentos e non exentos do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área convocado pola Resolución do 30 de abril de 2013.*

Mediante Resolución do 30 de abril de 2013 deste centro directivo (*Diario Oficial de Galicia* nº 91, do 14 de maio) convocouse concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa base sexta da resolución de convocatoria, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

#### RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter provisional e por especialidade, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área convocado pola Resolución do 30 de abril de 2013.

Segundo. As listas coa relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación do motivo de exclusión, e os declarados exentos e non exentos da realización do exercicio de lingua galega, poderán examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas e as declaradas non exentas da realización do exercicio de galego disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión e/ou a declaración de non exento/a da realización de tal exercicio, mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Recursos Hu-



manos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela, que deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente solicitude de participación no proceso, non consten como admitidas nin excluídas na relación publicada.

Cuarto. A estimación ou desestimación das solicitudes de emenda entenderase implícita na resolución pola que se aprobe, con carácter definitivo, a relación de admitidos/as e excluídos/as e de exentos/as e non exentos/as do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2013

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

